



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE SETE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 22)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **sete de agosto de dous mil vinte**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúñense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventor D. Manuel Roel Hernández- Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e Sres. Deputados D. Pablo Rivera Capón e D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE XULLO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xullo de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DETECTADO NA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO ESPECÍFICO PARA A PRESTACIÓN COMPARTIDA DE SERVIZOS NO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE CASTROVERDE NO MARCO DUNHA RELACIÓN INTERADMINISTRATIVA DE COLABORACIÓN. ACCIÓN PÚBLICA COLABORATIVA HORIZONTAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

Proposta de Presidencia de data 31 de xullo de 2020, para aprobar convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de colaboración: acción pública colaborativa horizontal.

Acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión ordinaria desenvolvida o 31 de xullo de 2020, pola que se aproba a proposta antedita.



Consideracións xurídicas

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de xullo de 2020, acordou aprobar o convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de colaboración: acción pública colaborativa horizontal.

Posteriormente, detectouse un erro material, de transcripción, na Proposta de Presidencia, consistente en que, onde di:

Segundo.- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución:

Ano 2020: 210.723,42 €

Ano 2021: 836.022,26 €

Ano 2022: 882.658,77 €

Ano 2023: 914.398,59 €

Ano 2024: 35.704,64 € (ata o 14 de xaneiro dese ano)

(...)

Debe dicir:

Segundo.- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución:

Ano 2020: 210.723,42 €

Ano 2021: 882.658,77 €

Ano 2022: 898.548,04 €

Ano 2023: 914.398,59 €

Ano 2024: 35.704,64 € (ata o 14 de xaneiro dese ano)

(...)

Este erro de transcripción resulta ostensible da propia documentación incorporada ao expediente administrativo, sen necesidade de efectuar ningún xuízo de valor: Así, do punto terceiro do informe da Xefa do Servizo de Benestar Social e Igualdade e, que se reproduce no antecedente VII do Informe do Servizo de Contratación e Fomento incorporado á Proposta de Presidencia Igualdade (O Informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade data de 31 de xullo de 2020, e non de 24 de xullo de 2020, como se deduce de todos os documentos electrónicos, sendo que todas as mencións ao informe de data 24 de xullo deben entenderse referidas a informe de 31 de xullo).

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Por canto antecede, propónse que, pola Xunta de Goberno:

1º.- Se acorde a rectificación do erro material detectado na Proposta de Presidencia de data 31 de xullo de 2020, para aprobar o convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de colaboración: acción pública colaborativa horizontal, nos seguintes termos:

Onde di:

No punto segundo da Proposta de Presidencia,



Segundo.- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución:

Ano 2020: 210.723,42 €
Ano 2021: 836.022,26 €
Ano 2022: 882.658,77 €
Ano 2023: 914.398,59 €
Ano 2024: 35.704,64 € (ata o 14 de xaneiro dese ano)

(...)

Debe dicir:

Segundo.- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución:

Ano 2020: 210.723,42 €
Ano 2021: 882.658,77 €
Ano 2022: 898.548,04 €
Ano 2023: 914.398,59 €
Ano 2024: 35.704,64 € (ata o 14 de xaneiro dese ano)

(...)

2º.- Dar traslado á Intervención e á Sección de Benestar Social e Igualdade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DA OBRA DE PALAS DE REI: REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA DA LU-P-4004 “DEVESA DE REI (N-547)-RIBEIRA- XENDE (LU-P-2901)” P.K. 0+000 AO 10+045.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Xefe do Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación, relativo á contratación das obras mencionadas, que dispón o seguinte:

Antecedentes

Expediente de contratación iniciado polo Servizo de Vías e Obras a través do GTM.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: PALAS DE REI.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla da LU-P-4004 “Devesa de Rei (N-547) – Ribeira- Xende (LU-P-2901)”, P.K. 0+000 a 10+045, redactado por D. Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV677W2OCFGZX7FKSZXAIA3UHY.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV677W23KH55TP7S4IVT64QA4A.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV67YWHCIEVMTLO7QM4C65T64E.

Memoria Xustificativa con CSV: IV677W2PIE4CVLOYANPR6EYTFY, que inclúe:

Xustificación da necesidade.

Xustificación da división ou non en lotes.



Indicación dos costes directos e indirectos e adecuación aos prezos de mercado.

Medios materiais e persoais mínimos a adscribir á execución da obra.

Indicación dos vogais da mesa de contratación propostos polo Servizo que propón a contratación.

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento –Unidade de Obras e Plans-, da Deputación Provincial de Lugo, con CSV: IV67YKTMOHUCJK7SCFXAD3XFPY.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Lexislación aplicable

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 716/2019 de 05 de decembro de 2019, polo que se modifica o RD 773/2015.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LXCA).

Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e súa internacionalización.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.



Os artigos 2.3, 10, 13, 14, 15, 16, 26, 27, 28, 29.1.a), 29.1.d), 31, 32, 33, 35, 36, 39, 48, 50, os números 1, 2 e 4 da disposición adicional primeira, a disposición adicional terceira, a disposición transitoria primeira, a disposición transitoria segunda, a disposición transitoria terceira e a disposición transitoria cuarta do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos ata que, de acordo co establecido na disposición derradeira sétima da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, produzan efectos as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico, no relativo ás materias mencionadas.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Restante normativa de xeral aplicación ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da obra Palas de Rei.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla da LU-P-4004 “Devesa de Rei (N-547)- Ribeira- Xende (LU-P-2901)”, P.K. 0+000 a 10+045. O proxecto técnico da obra está redactado por D. Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de

algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmueble”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 3 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e o mesmo estímase correcto xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.



Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adjudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas, resultando todos os criterios suxeitos a fórmulas matemáticas e con apreciación automática.

O contrato non está suxeito a regulación harmonizada, dado o seu importe, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías, pola Orde HAC/1272/2019, de 16 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir del 1 de xaneiro de 2020.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta na memoria xustificativa incorporada ao expediente e mencionase no propio PCAP.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, con CSV: IV67YWHCIEVMTLO7QM4C65T64E, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619 (RC:220200018782) por importe de 83.063,51 €, do vixente orzamento xeral.

As necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer constan no proxecto técnico identificado na cabeceira e na memoria emitida ao efecto, que forma parte do expediente.

En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e son adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Consta igualmente na memoria indicación sobre costes directos e indirectos.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 2 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 28/07/2020, reflexase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, e que unicamente será necesario a ocupación dos terreos propiedade da Deputación Provincial de Lugo.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación,



modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011).

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: PALAS DE REI.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla da LU-P-4004 “Devesa de Rei (N-547) – Ribeira- Xende (LU-P-2901)”, P.K. 0+000 a 10+045, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 83.063,51 €, dos cales 14.415,98 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/ OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NO INVENTARIABLE.

Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á subministración de material para uso hixiénico e limpeza na sá de muxidura da Granxa Gayoso Castro.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 13/07/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS ENTRADA		CONCEPTO	IMPORTE
		DATA	Nº		
191389	17/06/2019	20/06/2019	14.872	Subministración de material para uso hixiénico e limpeza na sá de muidura de Granxa Gayoso Castro realizada o día 11/06/2019	281,54 €
TOTAL					281,54 €

Visto que consta:

As facturas relacionadas no punto anterior, con dilixencia da Dirección da Granxa Gayoso Castro, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coa cantidade e co prezo, e conformadas polo Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Declaración responsable asinada en data 17/03/2020 polo representante de “Carechem Distribución, S.L.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria Xustificativa do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro, de data 11/03/2020, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións, do seguinte xeito:



“(…) Para o traballo nas instalacións de muxidora na Granxa Provincial en condicións hixiénicas os operarios usan luvas de nitrilo e papel secamáns para realizar a muxidora en condicións axeitadas. Debido á urxencia da adquisición non deu tempo a realizar a proposta de gasto (…)”.

As prestacións executáronse unha vez vixente a nova Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, en diante LCSP), e para poder aplicar as limitacións cuantitativas e condicións especiais de incompatibilidade en relación coa contratación na modalidade de “menor” o Servizo de Contabilidade e Contas, emitiu informe en data 09/04/2020 en relación coas facturas anteriormente relacionadas, no que se detalla que non constan outros contratos menores dende o 01/01/2019 ata o 31/12/2019 que individualmente e /ou conxuntamente iguale ou supere o límite cuantitativo segundo o tipo de contrato.

Por tanto, segundo a interpretación formulada na Xunta de Goberno do 20/04/2018 (Instrución nº 1 para a aplicación da LCSP), as prestacións atopáranse dentro dos límites do contrato menor de subministracións, fixado pola LCSP, ata 15.000,00 € de valor estimado (artigo 118.1segundo redacción na data de presentación da factura).

O Servizo de Contabilidade e Contas, en data 09/04/2020, emitiu informe no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia, no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 19/4120.22110, polo importe total das facturas.

O Servizo de Contratación e Fomento non interveu na xestión, nin tampouco na execución destas subministracións facturadas á Deputación Provincial de Lugo e obxecto deste informe.

Propostas de inicio de expedientes de contratación, de data 13/09/2019, emitidas dende o Parque Móbil.

Resolución da Presidencia de data 30/07/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coa factura anteriormente relacionada.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 13/07/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro: “(...)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese a facturas da empresa Carechem Distribución, S.L. que seguidamente se relacionan:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO	IMPORTE
191389	17/06/2019	Subministración de material para uso hixiénico e limpeza na sá de muxidura de Granxa Gayoso Castro realizada o día 11/06/2019.	4120.22110	92020/22293	281,54 €
TOTAL					281,54 €

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe da Granxa Gaioso Castro, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achega ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que



non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 281,54 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia

no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

No punto segundo da Proposta de decreto:

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 13 de xullo do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura emitida por Carechem Distribución, S.L., con número de factura , data da mesma e importe que se reflexa no cadro que se inclúe debaixo e un importe total de 281,54 €, correspondente a subministración de material para uso hixiénico e limpeza na sá de muxidura de Granxa Gayoso Castro o día 11/06/2019:



Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO	IMPORTE
191389	17/06/2019	Subministración de material para uso hixiénico e limpeza na sá de muxidura de Granxa Gayoso Castro realizada o día 11/06/2019	4120.22110	92020/22293	281,54 €
TOTAL					281,54 €

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 13 de xullo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Os medicamentos veterinarios son necesarios para garantir a saúde dos animais, e/ou a produción dos mesmos así como para cumprir coas normas de benestar animal nas explotación e o material funxible sanitario e imprescindible para poder aplicar os medicamentos e para cumprir coas normas hixiénico-sanitarias obrigatorias na explotación.

Polo tanto ao non terse aprobado o gasto proposto en xuño de 2019,e ao ser necesarias para garantir a hixiene na sá de muxidura e obter o leite de acordo as condición hixiénico-sanitarias esixidas pola normativa vixente, é polo que se realizaron as prestacións.

O período de realización dos aludidos servizos foi o seguinte:

NÚMERO FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO: PERÍODO
191389 GTM2020/FAC-01/000322	281,54 €	Subministración no mes de xuño do ano 2019 de material para uso hixiénico e limpeza n a sá de muxidura de Granja Gayoso Castro

A cantidade a aboar á empresa ascende a 281,54 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado. valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación dos servizos, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

O artigo 215 “Reparos” do TRLFL, aprobado polo Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais sinala:

“Se no exercicio da función interventora o órgano interventor se manifestara en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución”. O artigo 217 “Discrepancias” do TRLFL, en canto á resolución de discrepancias, precisa:

“1. Cando o órgano a que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá ó presidente da entidade local, resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, corresponderá ó Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Se basen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
- b) Se refiran a obrigas ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

A nota de reparo de Intervención cínquese ao suposto do art. 216.2c do TRLFL, isto é, “nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais”.

En calquera caso, ao existir crédito para afrontar o gasto, a competencia para dirimir a discrepancia, como se sinala no informe de Intervención, é da Presidencia e ademais como facultade indelegable.



Xa que existe unha prestación que resulta necesaria, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe.

Por outra parte, doutrinal e xurisprudencialmente, vense aplicando como fonte de obrigacións a doutrina do enriquecemento inxusto, que tería fundamento no propio artigo 1096 do Código Civil, que alude a que aquelas xorden entre outras dos contratos, pero tamén dos “cuasicontratos”, que se regulan no artigo 1887 do C.C., así como dos feitos lícitos e voluntarios dos que resulta unha obriga do seu autor para con un terceiro e as veces unha obriga recíproca entres os interesados.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos non perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, subliñamos que consta a prestación recibida polo ente provincial.

No informe da intervención, conséntase a existencia de consignación orzamentaria no Orzamento Xeral do ano 2020 polo importe total da factura emitida por Carechem Distribución S.L. ascendendo a 218,54 €.

Cómpre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o

reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

O Servizo de Contratación e Fomento é alleo á xestión das prestacións realizadas, sen cobertura contractual e formula as consideracións precedentes explicativas a fin de que a Presidencia poda decidir sobre a nota de reparo e, no seu caso, continuar coa tramitación do expediente.

Indícase que ao existir unha situación de discrepancia entre os efectos do reparo de Intervención e a situación de necesidade da prestación , de modo que imponse con fundamento na teoría do enriquecemento inxusto, como fonte de obrigas, alzar o reparo de Intervención.

Dito doutra maneira, aínda que o órgano ó que se dirixe o reparo acepta as manifestacións indicadas por Intervención, contraponse que se considerou necesario para o interese desta administración executar a prestación do servizo nas condicións indicadas á vez que consta a efectiva execución do mesmo.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos



públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo, a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
191389	17/06/2019	Subministración de material para uso hixiénico e limpeza na sá de muxidura de Granxa Gayoso Castro realizada o día 11/06/2019	281,54 €
TOTAL			281,54 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Carechem Distribución, S.L., por un importe total de 281,54 €:

Nº DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
191389	17/06/2019	Subministración de material para uso hixiénico e limpeza na sá de muxidura de Granxa Gayoso Castro realizada o día 11/06/2019	281,54 €
TOTAL			281,54 €

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APROBACIÓN E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Ribadeo para o “Acondicionamento da Casa do Viejo Pancho” (ano 2020).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“En relación co escrito, presentado por don Fernando Suárez Barcia, en nome e representación do Concello de Ribadeo, con data 17/07/2020 mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público- público) para a realización conxunta polo Concello de Ribadeo e a Deputación Provincial de Lugo dunha



actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “Acondicionamento da Casa do Viejo Pancho”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Acondicionamento da Casa do Viejo Pancho” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en diante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As

entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo se refiren á execución dunha serie de actuacións encamiñadas a acondicionar as instalacións da “Casa do Viejo Pancho” a fin de poñer en valor este edificio, que na actualidade está destinado a usos culturais, e no que conflúe a singularidade de atoparse nel a casa de nacemento do poeta de orixe español José María Alonso de Trelles y Jarén, coñecido polo alcume de “El Viejo Pancho” (Ribadeo, 7 de maio de 1857 - Montevideo, 28 de xullo de 1924).

En canto á necesidade e oportunidade deste convenio, procede sinalar que se pretende acondicionar un edificio emblemático situado na parte vella da vila de Ribadeo, que conta con distintos espazos destinados a usos diversos: o Departamento de Cultura do Concello de Ribadeo, a sala de fondos coa doazón bibliográfica do dramaturgo Daniel Cortezón (que precisa dunhas condicións mínimas de conservación), unha sala con cabezudos e os seus traxes das festas locais, e unha sala multifuncional para actividades culturais.

As obras consistirán no arranxo das patoloxías que presenta o edificio como resultado do menoscabo que se produce no tempo polo seu natural uso; este proxecto de mantemento comprende gastos de carpintaría, impermeabilización, pintado, tabiquería e pavimento.

En relación ao seu impacto económico, o acondicionamento deste edificio permitirá dispoñer dun espazo habilitado para a preservación da obra bibliográfica doada por Daniel Cortezón e dos xigantes e cabezudos que tradicionalmente forman parte das festas locais. Así mesmo, suporá unha imponderable mellora na oferta cultural deste representativo municipio turístico da Mariña Oriental, pero que se pretende desestacionalizar.



Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribadeo, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións, aínda que se toma como marco de referencia na xustificación dos gastos realizados.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 56, de data 10 de marzo de 2011, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 20.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Ribadeo, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 1.709,61 €; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Acondicionamento da Casa do Viejo Pancho” (ano 2020). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar no “Acondicionamento da Casa do Viejo Pancho” (ano 2020) por importe total de 21.709,61 €.



2º.- Aprobar o gasto de 20.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor do Concello de Ribadeo, para sufragar os gastos derivados do “Acondicionamento da Casa do Viejo Pancho”.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MUSIQUEANDO POLA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

“Con data 13 de marzo de 2020, a Xunta de Goberno da Deputación aprobou as bases, o gasto e os modelos de solicitude para a posta en marcha do Programa Musiqueando pola Provincia na anualidade 2020. Na proposta de aprobación da Xunta de Goberno aparecían reflectidos os seguintes puntos:

“(…) 1º.- Aprobación das bases do Programa “Musiqueando pola provincia” na anualidade 2020.

2º.- Aprobación do gasto total do Programa por importe de 180.000 euros, desglosado do seguinte xeito:

170.000 € para a pago das actuacións concedidas.

10.000 € para publicidade: anuncios en M.C.S e/ou carteis, rollers, ... nos que se incluírá o logo da Deputación Provincial de Lugo (Servizo de Cultura).

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude para adherirse ao programa (...)”.

Con data 24 de xullo a Xunta de Goberno aprobou a proposta para deixar sen efecto o acordo de aprobación da Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, relativa ás bases, o gasto e os modelos de solicitude para a posta en marcha do Programa Musiqueando pola Provincia na anualidade 2020 ante a necesidade de readactar o mencionado programa a especial situación que, para a realización de actividades culturais, se deriva da Covid-19.

Unha vez readaptadas as bases ás condicións e necesidades derivadas da Covid-19, esta proposta queda do seguinte teor:

A Área de Cultura ten entre as súas competencias as de contribuír á difusión da música tradicional na vertente de música de banda, música coral e música tradicional das entidades pertencentes á provincia de Lugo e ao mesmo tempo a de potenciar as festas patronais e de marcado carácter popular que se levan a cabo na provincia de Lugo.

Ao tratarse de actividades de natureza artística, organizados por promotores alleos á Deputación de Lugo, considérase que non resulta conveniente establecer un procedemento de concorrencia competitiva para a selección dos beneficiarios, ante a dificultade de obxectivar os criterios de selección. Por tal motivo, e ao abeiro no disposto no artigo 22.2 c) da lei xeral de subvencións, establécese un procedemento de concorrencia pública, pero de carácter non competitivo, no que se seleccionarán aos beneficiarios do programa.

No Programa “Musiqueando” poderán participar (previa solicitude de inclusión segundo os modelos de solicitude aprobados nesta convocatoria), as agrupacións musicais (abaixo sinaladas), sempre que teñan a súa residencia/sede social radicada na provincia de Lugo, que estean legalmente constituídas, e que cumpran todos os requisitos que figuran nestas bases:

CATEGORÍAS DE AGRUPACIÓNS/TIPOLOXÍAS MUSICAIS QUE PODEN PARTICIPAR NESTA CONVOCATORIA
Bandas de música
Grupos corais
Grupos de música tradicional



Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos. Se nalgún dos grupos existisen membros menores de idade, o grupo deberá contar coa autorización paterna/materna correspondente.

Do mesmo xeito, en caso de existir integrantes menores de idade deberase asinar unha declaración responsable pola que se fará cargo da súa seguridade e demais responsabilidades derivadas, a persoa responsable do grupo de música, banda ou coral participante neste Programa.

Os participantes neste Programa (solicitantes de actuación e grupos musicais participantes) deberán responsabilizarse do cumprimento da normativa hixiénico-sanitaria vixente para a realización deste tipo de actividades culturais (por mor da Covid-19) ata o momento da realización da actuación concedida, se fose o caso, e eximíndose a Deputación de Lugo de calquera responsabilidade derivada deste aspecto.

Este Programa vai dirixido tanto aos Concellos da provincia, os cales poderán solicitar actuacións para acollerse a este programa. De igual xeito, poderán solicitar actuacións aquelas entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas, e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura, do mesmo xeito que as comisións de festas que se encarguen de organizar as festas patronais no ámbito xeográfico da provincia de Lugo.

Só se concederán actuacións musicais entre o 19 de setembro o 29 de novembro de 2020 (ambos inclusivos).

Os beneficiarios do Programa (concellos e asociacións) só poderán solicitar unha actuación por anualidade. No caso de que se soliciten, máis dunha actuación, concederase a primeira das presentadas, de acordo co número de rexistro de entrada.

Nesta anualidade 2020, e dado a excepcionalidade que se está a vivir por mor da Covid-19 a Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) asumirá o 100% do custo das actuacións que se deriven deste Programa.

De igual xeito, ante a situación que se está a vivir, no que os rebrotes da epidemia da Covid-19 poden condicionar a posibilidade de materializar a realización das actuacións concedidas, de xeito excepcional contéplase que :

Aquelas actuacións que puidesen ser suspendidas por causas derivadas coa situación hixiénico- sanitaria da Covid-19 ante o avance da pandemia e/ou do posible peche dos territorios onde se ían a realizar as actuacións concedidas, non supoñan un condicionante para os recursos económicos dos grupos adxudicados, se non que estes teñan a posibilidade de realizar unha actuación gravada, cedendo os seus dereitos de difusión virtual nas redes sociais á Área de Cultura da Deputación de Lugo para a súa difusión socio-cultural ata finais do ano 2020.

Esta gravación para unha só actuación non realizada por causas hixiénico-sanitaria deberá ser entregada á Deputación de Lugo (Servizo de Cultura) como requisito imprescindible para o cobro desa única actuación non materializada en vivo, se fose o caso. En ningún caso, se poderá facturar a actuación- non materializada- por causas hixiénico-sanitarias sen a presentación dunha gravación que compense a non materialización *in situ* da actividade musical concedida- sempre que a súa suspensión se deba a causas sanitarias por mor da evolución da pandemia derivada da Covid-19. Este caso excepcional se aplicará en todo caso, única e excepcionalmente a unha (1) das actuacións concedidas no caso de que un grupo, banda ou coral tivese concedidas máis dunha actuación que non puidese ser materializada por causas sanitarias. A este respecto, gravaríase a primeira actuación temporal das suspendidas.

Estas gravacións- de ser o caso- serán difundidas pola Deputación de Lugo a través das súas redes sociais durante a anualidade 2020, debendo presentar as seguintes características técnicas:

Formato MP4.

Duración de cada gravación : entre 20 e 25 minutos. O prezo da gravación – en caso de ter que facela por motivos hixiénico-sanitarios- será o mesmo que o da actuación en vivo xa que



abranque os custes de gravación, montaxe, edición e cesión de dereitos para a súa difusión nas redes da Área de Cultura durante a anualidade 2020.

Os cachés das actuacións serán os seguintes:

Bandas de música:

Bandas de menos de 15 integrantes: 850 euros.

Bandas entre 15 e 24 integrantes: 1.100 euros

Bandas entre 25 e 39 integrantes: 1.500 euros

Bandas entre 40 e 50 integrantes: 2.000 euros

Bandas de máis de 50 integrantes : 2.500 euros

Grupos de música tradicional:

Grupos de música tradicional con menos de 10 integrantes: 750 euros

Grupos de musica tradicional entre 10 y 20 integrantes: 900 euros

Grupos de música tradicional con máis de 20 integrantes:1.100 euros.

Corais:

Corais hasta 20 integrantes: 900 euros

Corais con máis de 20 integrantes: 1.100 euros

En canto ao réxime dos contratos menores, estarase ao disposto polo marco normativo establecido nos artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Por todo elo, a Deputada delegada de Cultura propón a aprobación – se procede- pola Xunta de Goberno dos seguintes puntos:

1º.- Aprobación das bases do Programa “Musiqueando pola provincia” na anualidade 2020.

2º.- Aprobación do gasto total do Programa por importe de 180.000 euros, desglosado do seguinte xeito:

170.000 € para a pago das actuacións concedidas.

10.000 € para publicidade: anuncios en M.C.S e/ou carteis , rollers, ... nos que se incluírá o logo da Deputación Provincial de Lugo (Servizo de Cultura).

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude para adherirse ao programa.

4º.- Aprobar a publicación das bases da convocatoria no B.O.P.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

8.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.